

A black and white photograph of a young girl with dark hair in a braid, looking towards the camera with a slight smile. In the background, another child is visible, slightly out of focus, holding a pencil. The image is used as a background for the document.

LOMCE

Implantación do currículo en Galicia



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

[EFPP]

estruturas da formación permanente do profesorado

CONSTRUCCIÓN ESCALONADA DO CURRÍCULO REAL

Europa: propostas curriculares supranacionais.



MECD e CCAA: deseño curricular nos Reais Decretos e Decretos autonómicos.



Centro educativo: na súa concreción curricular.



Profesorado na aula: desenvolvemento de actividades e tarefas da programación.



Familia, comunidade escolar, redes: competencias para a vida.

RÚBRICAS

MATEMÁTICAS ORIENTADAS ÁS ENSinANZAS ACADÉMICAS 3º ESO

OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES	COMPETENCIAS CLAVE
•b •e •f	•B5.5. Parámetros de posición: cálculo, interpretación e propiedades. •B5.6. Parámetros de dispersión: cálculo, interpretación e propiedades. •B5.7. Diagrama de caixa e bigotes. •B5.8. Interpretación conxunta da media e a desviación típica.	•B5.2. Calcular e interpretar os parámetros de posición e de dispersión dunha variable estatística para resumir os datos e comparar distribucións estatísticas.	•MACB5.2.1. Calcula e interpreta as medidas de posición (media, moda, mediana e cuartís) dunha variable estatística para proporcionar un resumo dos datos.	•CMCCT
			•MACB5.2.2. Calcula e interpreta os parámetros de dispersión (rango, percorrido intercuartílico e desviación típica) dunha variable estatística, utilizando a calculadora e a folla de cálculo, para comparar a representatividade da media e describir os datos.	•CMCCT

RÚBRICAS

CRITERIO AVALIACIÓN	B5.2	ESTÁNDAR	MACB5.2.1	ÁREA	Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Académicas		NIVEL	3ºESO
EXEMPLIFICACIÓN	PROCEDEMENTO/ INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	+ ALTAS CAPACIDADES	A NIVEL ALTO	B NIVEL MEDIO ALTO	C NIVEL MÍNIMO ESIXIDO	D NIVEL BAIXO	- NECESIDADE S ESPECIAIS SIGNIFICATIV AS	
MACB5.2.1. Calcula e interpreta as medidas de posición (media, moda, mediana e cuartís) dunha variable estatística para proporcionar un resumo dos datos. Identificar 1.-Proceso (P) 2.-Contido (C) 3.-Contexto (Cx)	Procedemento: Traballo do alumnado consistente nun estudo do crecemento das follas e proba escrita. Instrumentos: 1.-Comunicación por escrito do traballo realizado e rúbrica. 2.-Proba escrita na que se formulan situacións similares ao traballo citado e rúbrica.	Segundo o grupo clase e o perfil individual.	(P)Calcula e interpreta de forma autónoma, (C) as medidas de posición (media, moda, mediana e cuartís) (Cx)para proporcionar un resumo dos datos recollidos en problemas e traballos realizados .	(P)Calcula e interpreta de forma autónoma, (C) polo menos dúas das medidas de posición (media, moda, mediana e cuartís) (Cx)para proporcionar un resumo dos datos recollidos en problemas e traballos realizados.	(P)Calcula e interpreta de forma autónoma, (C) polo menos unha das medidas de posición (media, moda, mediana e cuartís) (Cx)para proporcionar un resumo dos datos recollidos en problemas e traballos realizados.	(P)Calcula e interpreta, con axuda, (C) algunha das medidas de posición (media, moda, mediana e cuartís) Cx) para proporcionar un resumo dos datos recollidos en problemas sinxelos dados polo profesorado.	Segundo o grupo clase e o perfil individual.	

TAREFA



Estudo do crecemento das follas

RÚBRICAS

MATEMÁTICAS ORIENTADAS ÁS ENSINANZAS ACADÉMICAS 3º ESO

OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES	COMPETENCIAS CLAVE
•a •b •f •g •e	•B1.7. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para: ▪ Recollida ordenada e a organización de datos. ▪ Elaboración e creación de representacións gráficas de datos numéricos, funcionais ou estatísticos. ▪ Facilitación da comprensión de conceptos e propiedades xeométricas ou funcionais, e realización de cálculos de tipo numérico, alxébrico ou estatístico. ▪ Deseño de simulacións e elaboración de predicións sobre situacións matemáticas diversas. ▪ Elaboración de informes e documentos sobre os procesos levados a cabo e as conclusións e os resultados obtidos. ▪ Consulta, comunicación e compartición, en ámbitos apropiados, da información e as ideas matemáticas.	•B1.12. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación de maneira habitual no proceso de aprendizaxe, procurando, analizando e seleccionando información salientable en internet ou noutras fontes, elaborando documentos propios, facendo exposicións e argumentacións destes, e compartíndoos en ámbitos apropiados para facilitar a interacción.	•MACB1.12.1. Elabora documentos dixitais propios (de texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.), como resultado do proceso de procura, análise e selección de información relevante, coa ferramenta tecnolóxica axeitada, e compárteos para a súa discusión ou difusión.	•CCL •CD
			•MACB1.12.2. Utiliza os recursos creados para apoiar a exposición oral dos contidos traballados na aula.	•CCL
			•MACB1.12.3. Usa axeitadamente os medios tecnolóxicos para estruturar e mellorar o seu proceso de aprendizaxe, recollendo a información das actividades, analizando puntos fortes e débiles de seu proceso educativo e establecendo pautas de mellora.	•CD •CAA
			•MACB1.12.4. Emprega ferramentas tecnolóxicas para compartir ficheiros e tarefas.	•CD •CSC •CSIEE

RÚBRICAS

CRITERIO AVALIACIÓN	B1.12	ESTÁNDAR	MACB1.12.1	ÁREA	Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Académicas		NIVEL	3º ESO
EXEMPLIFICACIÓN	PROCEDEMENTO/ INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	+ ALTAS CAPACIDADES	A NIVEL ALTO	B NIVEL MEDIO ALTO	C NIVEL MÍNIMO ESIXIDO	D NIVEL BAIXO	- NECESIDADES ESPECIAIS SIGNIFICATIVAS	
MACB1.12.1. Elabora documentos dixitais propios (de texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.), como resultado do proceso de procura, análise e selección de información relevante, coa ferramenta tecnolóxica axeitada, e compárteos para a súa discusión ou difusión. Identificar 1.-Proceso (P) 2.-Contido (C) 3.-Contexto (Cx)	Procedemento: Traballo do alumnado consistente nun estudo do crecemento das follas. Instrumentos: 1.-Comunicación por escrito en formato dixital do traballo realizado e rúbrica.	Segundo o grupo clase e o perfil individual.	P)Elabora documentos dixitais propios (C) utilizando os medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe nos que, en adición ao recollido no nivel B, diseña simulacións e elabora predicións sobre situacións matemáticas e leva a cabo consultas, comunicación que comparte, en ámbitos apropiados, da información e as ideas matemáticas (Cx) en traballos realizados.	P)Elabora documentos dixitais propios (C) utilizando os medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe nos que en adición ao recollido no nivel C elabora representacións gráficas de datos numéricos e estatísticos e facilita a comprensión e realización de cálculos de tipo estatístico (Cx) en traballos realizados.	P)Elabora documentos dixitais propios (C) recolle datos, os organiza, elabora informes e documentos sobre os procesos levados a cabo e as conclusións e os resultados obtidos (Cx) en traballos realizados.	(P) Coa axuda do profesorado elabora documentos dixitais (C) recolle datos, os organiza e elabora informes e documentos sobre os procesos levados a cabo e os resultados obtidos (Cx) en traballos realizados.	Segundo o grupo clase e o perfil individual.	

TAREFA



Estudo do crecemento das follas

RÚBRICAS: Descrición das categorías do dominio cognitivo

MENOR NIVEL COGNITIVO

COÑECEMENTO

Evocación de feitos, datos, principios, termos do mesmo xeito que foron aprendidos

COMPREENSIÓN

Establecemento de relacións, conceptos, ordeamento, analoxías

APLICACIÓN

Resolver problemas, explicar fenómenos, xeneralización, exemplificación

ANÁLISE

Identificar elementos, establecer as súas relacións, hipóteses

SÍNTESE

Construcións, organizar elementos, conclusións, inferencias

AVALIACIÓN

Emisións de xuízos, implicacións, posicionamento

CREACIÓN

Transferencia, obter novas ideas e produtos

MAIOR NIVEL COGNITIVO

FORMACIÓN

MARCO
LEXISLATIVODESEÑO
CURRICULARCURRÍCULO NO
CENTROCURRÍCULO NA
AULA

RÚBRICAS

GRADUADORES

AXUDA

AUTONOMÍA

EVENTUALIDADE

FRECUENCIA

SINXELEZA

COMPLEXIDADE

CONCRECIÓN

ABSTRACCIÓN

FUNCIONALIDADE BÁSICA

FUNCIONALIDADE
COMPLEXA

CONTEXTO FAMILIAR

CONTEXTO NOVIDOSO

RUTINA

CREATIVIDADE

AUTOMATISMO

CONCIENCIA

OBRIGACIÓN

VOLUNTARIEDADE/MOTIVACI
ÓN

IMPERFECCIÓN

PERFECCIÓN

RÚBRICAS

GRADUADORES

GRAO DE ADQUISICIÓN

- Todo
- Aspectos principais
- Situacións básicas

COMPLEXIDADE

- Tarefas
- Actividades
- Exercicios

MOMENTO

- Tempo real
- Planificación previa

PÚBLICO

- Presencia
- Ausencia

RÚBRICAS

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
LINGUA GALEGA E LITERATURA 6º EP			
B1.5. Comprensión e produción de textos orais para aprender e para informarse, tanto os creados con finalidade didáctica como os de uso cotián, de carácter informal (conversas entre iguais e no equipo de traballo) e dun maior grao de formalización (exposicións da clase, entrevistas ou debates).	B1.4. Comprender e producir textos orais propios do uso cotián ou do ámbito académico	LGB1.4.1. Participa axeitadamente nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e intervindo coas propostas propias.	• CCL • CAA • CSC • CSEIEE
		LGB1.4.2. Sigue unha exposición da clase e extrae as ideas máis destacadas.	• CCL • CAA
		LGB1.4.3. Fai pequenas exposicións na aula adecuando o discurso ás diferentes necesidades comunicativas (narrar, describir e expoñer), utilizando o dicionario se é preciso.	• CCL • CSIEE • CAA
		LGB1.4.4. Participa activamente no traballo en grupo, así como nos debates	• CCL • CSIEE • CAA

RÚBRICAS

CRITERIO AVALIACIÓN	B1.4	ESTÁNDAR	LGB1.4.3	ÁREA	Lingua Galega e Literatura		NIVEL	6º EP
EXEMPLIFICACIÓN	PROCEDEMENTO/ INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	+ ALTAS CAPACIDADES	A NIVEL ALTO	B NIVEL MEDIO ALTO	C NIVEL MÍNIMO ESIXIDO	D NIVEL BAIXO	- NECESIDADES ESPECIAIS SIGNIFICATIVAS	
LGB1.4.3. Fai pequenas exposicións na aula adecuando o discurso ás diferentes necesidades comunicativas (narrar, describir e expoñer), utilizando o dicionario se é preciso. Identificar 1.-Proceso (P) 2.-Contido (C) 3.-Contexto (Cx)	Procedemento: Traballo do alumnado consistente en escribir un conto e expoñelo oralmente. Instrumentos: 1.-Texto escrito do conto, exposición oral do mesmo e rúbrica.	Segundo o grupo clase e o perfil individual.	(P) A exposición oral preséntase secuenciada cunha estrutura lóxica, diferenciando introdución corpo e conclusión, con coherencia e cohesión. Adecúa o discurso ás diferentes necesidades narrativas. (C) O borrador do texto adecúa o discurso ás diferentes necesidades narrativas. (Cx) Fai a exposición na aula, responde as preguntas dos compañeiros e imprevise se é preciso.	(P) A exposición oral está correctamente estruturada e o discurso é coherente pero hai un ou dos erros de cohesión. (C) O borrador do texto está correctamente estruturada pero hai un ou dous erros de cohesión. (Cx) Realiza a exposición na aula e responde as preguntas dos compañeiros.	(P) A exposición oral segue unha orde lóxica e resulta coherente pero, en ocasións, o narrador é impreciso o que dificulta a comprensión dalgunhas partes. (C) O borrador do texto segue unha orde lóxica e resulta coherente pero hai erros ocasionais nos elementos de cohesión. (Cx) Realiza a exposición na aula.	(P) A exposición oral non se presenta secuenciada nunha estrutura lóxica. O discurso é confuso. (C) O borrador do texto presenta falla de coherencia e cohesión. (Cx) Realiza a exposición só co profesorado ou cun grupo pequeno.	Segundo o grupo clase e o perfil individual.	

RÚBRICAS

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
LINGUA CASTELÁ E LITERATURA 1º ESO			
•B1.4. Coñecemento, uso e aplicación das estratexias necesarias para falar en público: planificación do discurso, prácticas orais formais e informais, e avaliación progresiva.	•B1.4. Aprender a falar en público, en situacións formais e informais, de xeito individual ou en grupo.	•LCLB1.4.1. Realiza presentacións orais.	•CCL
LINGUA CASTELÁ E LITERATURA 2º ESO			
•B1.5. Coñecemento, uso e aplicación das estratexias necesarias para falar en público: planificación do discurso, prácticas orais formais e informais, e avaliación progresiva.	•B1.5. Aprender a falar en público, en situacións formais e informais, de xeito individual ou en grupo.	•LCLB1.5.1. Realiza presentacións orais.	•CCL
		•LCLB1.5.2. Realiza intervencións non planificadas dentro da aula, analizando e comparando as similitudes e as diferenzas entre discursos formais e espontáneos.	•CSC
		•LCLB1.5.3. Incorpora progresivamente palabras propias do nivel formal da lingua nas súas prácticas orais.	•CCL

RÚBRICAS

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
LINGUA CASTELÁ E LITERATURA 3º ESO			
•B1.5. Coñecemento, uso e aplicación das estratexias necesarias para falar en público: planificación do discurso, prácticas orais formais e informais, e avaliación progresiva.	•B1.5. Aprender a falar en público, en situacións formais e informais, de xeito individual ou en grupo.	•LCLB1.5.1. Realiza presentacións orais.	•CCL
		•LCLB1.5.2. Organiza o contido e elabora guións previos á intervención oral formal, seleccionando a idea central e o momento en que vai ser presentada ao seu auditorio, así como as ideas secundarias e os exemplos que van apoiar o seu desenvolvemento.	•CCL
		•LCLB1.5.3. Incorpora progresivamente palabras propias do nivel formal da lingua nas súas prácticas orais.	•CCL
		•LCLB1.5.4. Pronuncia con corrección e claridade, modulando e adaptando a súa mensaxe á finalidade da práctica oral.	•CCL
		•LCLB1.5.5. Avalía, por medio de guías, as producións propias e alleas, mellorando progresivamente as súas prácticas discursivas.	•CAA

RÚBRICAS

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
LINGUA CASTELÁ E LITERATURA 4º ESO			
•B1.6. Coñecemento, uso e aplicación das estratexias necesarias para falar en público e dos instrumentos de autoavaliación en prácticas orais formais ou informais.	•B1.6. Aprender a falar en público, en situacións formais ou informais, de xeito individual ou en grupo.	•LCLB1.6.1. Realiza presentacións orais de forma individual ou en grupo, planificando o proceso de oralidade, organizando o contido, consultando fontes de información diversas, xestionando o tempo e transmitindo a información de xeito coherente, aproveitando vídeos, gravacións ou outros soportes dixitais.	•CD
		•LCLB1.6.2. Realiza intervencións non planificadas, dentro da aula, analizando e comparando as similitudes e as diferenzas entre discursos formais e espontáneos.	•CCL
		•LCLB1.6.3. Incorpora progresivamente palabras propias do nivel formal da lingua nas súas prácticas orais.	•CCL
		•LCLB1.6.4. Pronuncia con corrección e claridade, modulando e adaptando a súa mensaxe á finalidade da práctica oral.	•CCL
		•LCLB1.6.5. Resume oralmente exposicións, argumentacións, intervencións públicas, etc., recollendo as ideas principais e integrando a información en oracións que se relacionen lóxicamente e semanticamente.	•CAA
		•LCLB1.6.6. Aplica os coñecementos gramaticais á avaliación e á mellora da expresión oral, recoñecendo en exposicións orais propias ou alleas as dificultades expresivas (incoherencias, repeticións, ambigüidades, impropiedades léxicas, pobreza e repetición de conectores etc.).	•CCL

RÚBRICAS

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
MATEMÁTICAS ORIENTADAS ÁS ENSINANZAS ACADÉMICAS 3º ESO			
•B1.7. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para: •Recollida ordenada e a organización de datos. •Elaboración e creación de representacións gráficas de datos numéricos, funcionais ou estatísticos. •Facilitación da comprensión de conceptos e propiedades xeométricas ou funcionais, e realización de cálculos de tipo numérico, alxébrico ou estatístico. •Deseño de simulacións e elaboración de predicións sobre situacións matemáticas diversas. •Elaboración de informes e documentos sobre os procesos levados a cabo e as conclusións e os resultados obtidos. •Consulta, comunicación e compartición, en ámbitos apropiados, da información e as ideas matemáticas.	•B1.12. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación de maneira habitual no proceso de aprendizaxe, procurando, analizando e seleccionando información salientable en internet ou noutras fontes, elaborando documentos propios, facendo exposicións e argumentacións destes, e compartíndoos en ámbitos apropiados para facilitar a interacción.	•MACB1.12.1. Elabora documentos dixitais propios (de texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.), como resultado do proceso de procura, análise e selección de información relevante, coa ferramenta tecnolóxica axeitada, e compárteos para a súa discusión ou difusión.	•CCL •CD
		•MACB1.12.2. Utiliza os recursos creados para apoiar a exposición oral dos contidos traballados na aula.	•CCL
		•MACB1.12.3. Usa axeitadamente os medios tecnolóxicos para estruturar e mellorar o seu proceso de aprendizaxe, recollendo a información das actividades, analizando puntos fortes e débiles de seu proceso educativo e establecendo pautas de mellora.	•CD •CAA
		•MACB1.12.4. Emprega ferramentas tecnolóxicas para compartir ficheiros e tarefas.	•CD •CSC •CSIEE

MÍNIMOS

BIOLOXÍA E XEOLOXÍA 1º ESO

CRITERIO DE AVALIACIÓN	EA	MÍNIMOS ESIXIBLES		
		GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DE CADA ESTÁNDAR	CONTIDOS	CC
B1.2. Procurar, seleccionar e interpretar a información de carácter científico, e utilízala para formar unha opinión propia, expresarse con precisión e argumentar sobre problemas relacionados co medio natural e a saúde.	BXB1.2.1. Procura, selecciona e interpreta a información de carácter científico a partir da utilización de diversas fontes.	Leva a cabo na aula os seguintes procesos: 1.-Busca a información de forma guiada (utiliza fontes de información proporcionadas polo profesorado). 2.-Selecciona a información mínima requirida. 3.-Interpreta a información obtida, e é quen de explicala.	B1.2. Metodoloxía científica: características básicas. B1.3. Experimentación en bioloxía e xeoloxía: obtención, selección e interpretación de información de carácter científico a partir da selección e a recollida de mostras do medio natural ou doutras fontes.	CD CAA
	BXB1.2.2. Transmite a información seleccionada de xeito preciso, utilizando diversos soportes.	1.-Comunica o resultado de forma oral de maneira ordenada 2.- Comunica o resultado de forma escrita. 3.-Utiliza recursos informáticos (indicalos) para apoiar a súa comunicación.		CD CCL
	BXB1.2.3. Utiliza a información de carácter científico para formar unha opinión propia e argumentar sobre problemas relacionados.	Argumentar as propias opinións de carácter científico a partir de: 1.-Datos 2.-Modelos		CAA CCL

MÍNIMOS

BIOLOXÍA E XEOLOXÍA 1º ESO

CRITERIO DE AVALIACIÓN	EA	MÍNIMOS ESIXIBLES		
		GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DE CADA ESTÁNDAR	CONTIDOS	CC

RÚBRICA DE AUTO E HETEROAVALIACIÓN

INDICADORES DE AVALIACIÓN	NIVEIS(*)				OBSERVACIÓNS
	A	B	C	D	
Elaborouse rúbrica para todos os estándares que o precisan.					
As rúbricas definen con claridade os requisitos precisos para alcanzar os distintos niveis.					
A táboa de Mínimo esixibles recolle todos os estándares de aprendizaxe da materia e curso elixido.					
Para cada un dos estándares indícase o grao mínimo de consecución que, no seu caso, corresponde co nivel C da rúbrica.					
Indícase, para todos os estándares, os contidos mínimos asociados (Deberán corresponderse cos mínimos necesarios para acadar o grao mínimo de consecución do estándar)					



GRAZAS POLA SÚA ATENCIÓN



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

[EFPP]

estruturas da formación permanente do profesorado